



CIBERCAIXA MALLOS DA CORUÑA

HISTORIA E LENDA DO VERME DA SEDA

1/3

O verme da seda é o único insecto completamente **domesticado** que existe, xa que non é capaz de voar ou mesmo de sobrevivir sen o coidado humano.

LENDAS CHINESAS

Segundo a tradición chinesa, a seda descubriuse no ano 2640 a. C., no xardín do emperador Huang Ti.

De acordo coa lenda, Huang Ti pediu á súa esposa Xi Lingshi que pescudase que estaba a acabar coas súas plantas de moreira. A muller descubriu que eran uns vermes brancos que producían uns casulos brillantes. Ao deixar caer accidentalmente un casulo en auga morna, Xi Lingshi advertiu que podía descompoñelo nun fino filamento e enrolar este nun carrete.

Xi Lingshi descubrira a seda, segredo que mantiveron ben gardado os chineses durante os seguintes 2000 anos. A lei imperial decretou que todo aquel que o revelase sería torturado ata morrer.

SERICULTURA

A cría do verme de seda para a obtención da seda recibe o nome de **sericultura**. As **follas de moreira** son o alimento para a súa curta vida e achégalles o amidón que transforman nunha hebra, que pode alcanzar os 1 500 metros de lonxitude en cada casulo. Con todo, 500 metros de hebra apenas alcanzan a pesar 130 miligramos de seda; polo que cada metro, convertido en miligramo, resulta ser sumamente caro en valor monetario e en esforzo.

E CHEGOU A EUROPA

Cando o emperador romano Xustiniano (483-565 d. C.) tivo a idea de enviar a monxes para predicar o cristianismo por oriente, no ano 550 d. C. coñeceron os procedementos para a crianza do verme e a produción da seda.

Os monxes introduciron sementes de moreira e ovos do verme de seda no oco dos seus bastóns de bambú, logrando así burlar a vixilancia sobre esta especie e sacala cara ao seu territorio. De Grecia a sericultura estendeuse aos países de Asia e África do Norte; máis tarde chegou a Europa, onde Italia, Francia e España, obtiveron excelentes resultados, e a quen se lles recoñece, ata a data a finura das súas sedas.





CIBERCAIXA MALLOS DA CORUÑA

HISTORIA E LENDA DO VERME DA SEDA

2/3




ruta da seda



A ruta da Seda foi a principal conexión entre China e Europa. Iniciada ao redor do século I a. C, na época de Alexandre o Grande, supuxo a principal conexión entre Oriente e Occidente, comunicando China con Europa. Esta ruta converteuse, durante séculos, na **ponte entre dous mundos**.

Durante moitos anos, comerciantes chineses principalmente transportaban por ela non só sedas, senón tamén peles, té e especias, a cambio de ouro e prata, pedras preciosas e la. A ruta percorría aproximadamente 4.000 quilómetros desde China ao Leste de Europa.

Pouca xente facía a ruta da seda completa. Os produtos pasaban dun mercador a outro por segmentos. O comercio facíase, pois, en cadea, con ligazóns de mercadores en determinados puntos da ruta. Era un camiño perigoso, con bandidos dispostos a asaltar as caravanas nos lugares máis inesperados





CIBERCAIXA MALLOS DA CORUÑA

HISTORIA E LENDA DO VERME DA SEDA 3/3

RESPONDE ESTAS PREGUNTAS

1.- Por que o verme é un animal doméstico?



2.- Como se descubriu a seda segundo a lenda chinesa?

3.- Canto tempo gardaron os chineses o segredo da seda?

4.- Como chegou a Europa a sericultura?

5.- Os mercadores facían a ruta da seda completa? Como era o sistema de comercio? Que riscos tiña?

